



Concello de Xermade

Ernesto Ares Yáñez, secretario-interventor accidental do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 18/03/2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5º. Subvencións

5.1. Declarar deserto o XII Premio de Investigación “Xermade na historia”. Expte. 308/2025.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de marzo de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: declarar deserto o XII Premio de Investigación “Xermade na historia”. Expte. 308/2025

Visto o convenio de colaboración asinado coa Asociación de veciñas/os de Cabreiros e a Universidade de Santiago de Compostela, considérase de grande importancia a continuidade de actividades relacionadas coa cultura, a historia, tradicións... no noso municipio, considerando importante para o concello a continuación do premio de investigación sobre Xermade, para potenciar o patrimonio etnográfico e cultural do municipio.

Vistas as bases propostas pola Alcaldía en data 21/04/2025, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 24/04/2025 e publicadas no BOP nº 107 o 12/05/2025.

A data límite de presentación dos traballos foi o 20/02/2026.

Consta informe do Rexistro municipal, emitido en data 12/03/2026, que indica que non constan traballos presentados.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 de data 27 de xuño (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Declarar deserto o XII Premio “Xermade na historia”, ao non presentarse ningún traballo dentro do prazo habilitado ao efecto.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Xermade.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa reserva prevista no art. 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





Concello de Xermade

Entidades Locais), expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Don Roberto García Pernas, na data da sinatura dixital.

O secretario-interventor acctal.

Visto e praxe,

(Resolución NACC-2026-045 de data 25.02.2026)

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

